

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*RESOLUCIÓN do 1 de abril de 2016 pola que se procede á publicación dos requirimentos de emenda das axudas para a execución de accións de promoción exterior conxunta das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Intermedios), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.*

Mediante Resolución do 28 de decembro de 2015 (DOG núm. 248, do 30 de decembro), publicáronse as bases reguladoras das axudas do Igape para a execución de accións de promoción exterior conxunta das empresas galegas (Galicia Exporta Organismos Intermedios), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 e procédese á súa convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para o ano 2016, por trámite anticipado de gasto.

O órgano instrutor do procedemento administrativo previsto no artigo 10 das ditas bases reguladoras está analizando as solicitudes presentadas polos solicitantes que se acolleron á presente convocatoria de axudas.

Nunha primeira fase de revisión identificáronse varios expedientes que non reúnen algún dos requisitos exixidos nas bases reguladoras, polo que resulta procedente efectuar os oportunos requirimentos de emenda.

O artigo 10.2 das bases reguladoras dispón que, de conformidade co establecido nos artigos 59.6.b) e 60 da Lei 30/1992, este requirimento de emenda se realizará preferentemente mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia* e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. A dita publicación tamén se realizará na páxina web do Igape no enderezo [www.tramita.igape.es](http://www.tramita.igape.es), onde se establecerá o contido pormenorizado do requirimento que se fai.

En virtude do anterior,

RESOLVO:

Primeiro. Dar publicidade á relación de solicitudes de axuda xa revisadas que deben ser obxecto de emenda segundo se recolle no anexo a esta resolución.



Segundo. Requirir os solicitantes incluídos no dito anexo para que, no prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación da presente resolución no DOG, emenden a falta ou presenten os documentos preceptivos conforme se lles indique na información detallada do requirimento dispoñible no enderezo [www.tramita.igape.es](http://www.tramita.igape.es), á cal accederán a través da aplicación informática habilitada para estas axudas co NIF e código IDE, desde a páxina web do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), na oficina virtual.

Terceiro. De acordo co disposto no artigo 10.2 das bases reguladoras, no suposto de que non se atenda o requirimento no prazo indicado, ou se a emenda resulta incompleta ou defectuosa, terase por desistido na súa petición o solicitante e arquivarase o expediente, tras a correspondente resolución que será ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2016

Javier Aguilera Navarro  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

**ANEXO**  
**Solicitudes de axuda suxeitas a emenda de documentación**

Núm. expediente	Titular do expediente	NIF
IG208.2016.1.2	Bioga. Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias	G70259312
IG208.2016.1.3	Ageinco	G36942720
IG208.2016.1.4	Asociación de Adegueiros e Transformadores do Miño	G27292051
IG208.2016.1.5	Agmma (Asociación Gallega de Moldistas, Matriceros y Afines)	G36912962
IG208.2016.1.6	Confederación Empresarial de Ourense	G32012742
IG208.2016.1.7	Asociación de Colleiteiros Embotelladores do Ribeiro	G32252587
IG208.2016.1.9	Fundación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (Ceaga)	G36983575
IG208.2016.1.10	Confederación Empresarial de Lugo	G27019793
IG208.2016.1.11	Ineo	G36969525
IG208.2016.1.13	Asociación Nacional de Criadores de Ganado Vacuno Selecto de Raza Rubia Gallega	G27007061
IG208.2016.1.14	Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (CTG)	G70377338
IG208.2016.1.15	Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego	G70115282
IG208.2016.1.17	Asociación Clúster do Audiovisual Galego	G15891260
IG208.2016.1.18	Fundación CTAG (Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia)	G36871424



Núm. expediente	Titular do expediente	NIF
IG208.2016.1.19	Clúster TIC Galicia	G70157581
IG208.2016.1.20	Asociación Galega de Turismo Rural	G36192888
IG208.2016.1.21	Federación Gallega de Asocs. y Gremios de Joyería, Platería y Relojería	G15086366
IG208.2016.1.22	Asociación Clúster del Naval Gallego	G15710338
IG208.2016.1.23	Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia (Asime)	G36614774
IG208.2016.1.24	Asociación Clúster da Alimentación Ecolóxica de Galicia	G27428465
IG208.2016.1.25	Asociación Clúster de la Madera de Galicia	G32290439
IG208.2016.1.26	Confederación Industrias Textiles de Galicia	G36681039
IG208.2016.1.27	Asociación Gallega de Graniteros	G36644961
IG208.2016.1.28	Asociación Clúster Alimentario de Galicia	G27407212
IG208.2016.1.29	Clúster de Pizarra de Galicia	G32405979
IG208.2016.1.30	Clúster del Agua Mineral y Termal de Galicia	G70311568
IG208.2016.1.31	Consello Regulador D.O. Ribeiro	Q82552011
IG208.2016.1.32	Gremio Provincial de Carniceros y Charcuteros de Ourense	G32015729
IG208.2016.1.33	Asociación de Jóvenes Empresarios de Ourense	G32111882
IG208.2016.1.34	Asociación de Empresarios do Couto	G32380065
IG208.2016.1.35	Agrupación Innovadora Clúster de la Carne de Galicia	G32432221
IG208.2016.1.36	Consello Regulador Rías Baixas	Q8655030H
IG208.2016.1.37	Asoc. Pequenas Empresas Exportadoras Produtoras do Agro-Mar	G70479852
IG208.2016.1.38	Asociación Ruta do Viño Rías Baixas	G36597201

